

## **BASES DO XXII CERTAME BENJAMÍN PAZ DE NARRATIVA, POESÍA E DEBUXO**

### **PRIMEIRA.-**

Poderá concorrer ao Certame todo o alumnado de Educación Infantil e de Primaria pertencente a centros educativos da Terra Chá.

### **SEGUNDA.-**

Establécense tres modalidades: POESÍA e NARRATIVA, para Educación Primaria, e DEBUXO, para Educación Infantil.

### **TERCEIRA.-**

Os traballos de Poesía e Narrativa (PRIMARIA), de temática libre, estarán escritos en lingua galega conforme á normativa vixente. Os textos haberán de ser inéditos e totalmente orixinais. Cada participante pode presentar o número de traballos que estime conveniente en ámbalas dúas modalidades. Poderán presentarse a ordenador ou manuscritos, en papel DIN A-4, por unha soa cara. Enviarase SOAMENTE O ORIXINAL, figurando na parte traseira do folio os DATOS PERSOAIS, O CICLO, O COLEXIO E A MODALIDADE á que concorre. (PRÉGASE NON GRAMPAR)

### **CUARTA.-**

Os Debuxos (INFANTIL) presentaranse en cartolina formato DIN A-4. Poderá empregarse calquera técnica e a temática será libre. Os DATOS PERSOAIS, O NIVEL e O COLEXIO figurarán na parte posterior da cartolina.

### **QUINTA.-**

Os traballos serán dirixidos a:

CEIP “Antonio Insua Bermúdez”, Rúa Quart de Poblet, s/n,  
27800 Vilalba

### **SEXTA.-**

O prazo de admisión de traballos rematará ás **15 HORAS DO DÍA 24 DE MAIO DE 2021.**

### **SÉTIMA.-**

O Certame estará dotado cos seguintes premios:

**MODALIDADE POESÍA E NARRATIVA** (Primaria)

1º e 2º de Ed. Primaria: Lote de material e diploma.

3º e 4º de Ed. Primaria: Lote de material e diploma.

5º e 6º de Ed. Primaria: Lote de material e diploma.

**MODALIDADE DEBUXO-PREMIO DAVID DÍAZ VÁZQUEZ** (Infantil)

Infantil 3 anos: Lote de material e diploma.

Infantil 4 anos: Lote de material e diploma.

Infantil 5 anos: Lote de material e diploma.

### **OITAVA.-**

O Xurado, se o estima oportuno, poderá declarar os premios desertos, distribuír a contía dos mesmos ou aumentalos con accésits. En calquera caso a súa decisión será inapelable e polo feito de concorrer ao Certame así deberá aceptarse.

### **NOVENA.-**

O Xurado estará formado por persoas de recoñecida competencia nas materias ás que se refiren as presentes Bases. A súa composición ha ser dada a coñecer xunto coa emisión do resultado.

### **DÉCIMA.-**

O ditame do Xurado será difundido a través dos distintos medios de comunicación. A entrega de premios efectuarase nun acto previsto para xuño, na Casa da Cultura de Vilalba, e do que se dará conta oportunamente.